

# COMUNICACIÓN EN LINGUA **GALEGA-N2**

*Francisco David Paz Lafuente*

*2.ª edición*

**IDEASPROPIAS**  
editorial

---

# IDEASPROPIAS

*editorial*

 Compra este libro







# COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA-N2

## COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA-N2.

Non está permitida a reprodución total ou parcial deste libro, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por fotocopia, por rexistro ou outros métodos, sen o permiso previo e por escrito dos titulares de Copyright.

DEREITOS RESERVADOS 2015, respecto da segunda edición, por

© Ideaspropias Editorial.

ISBN: 978-84-9839-561-7

Depósito legal: VG 79-2015

Autor: Francisco David Paz Lafuente

Formato: 21 x 29,7 cm

Páxinas: 78

Impreso en España

Ideaspropias Editorial incorporou na elaboración deste material didáctico citas e referencias de obras divulgadas e cumpriu todos os requisitos establecidos pola Lei de Propiedade Intelectual. Polos posibles erros e omisións, escúsase previamente e está disposta a introducir as correccións pertinentes en próximas edicións e reimpresións

# Índice

|                            |                                                                                                                                                                                                                  |     |     |
|----------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|-----|
| 1.                         | Expresión oral en diferentes ambientes                                                                                                                                                                           | 004 |     |
|                            | 1.1. Introducción                                                                                                                                                                                                | 006 |     |
|                            | 1.2. Identificación das variedades sociais da lingua (estándar, coloquial, culta e vulgar) e diferenciación dalgunhas características básicas da lingua usada nos contextos familiar e profesional               | 006 |     |
|                            | 1.3. Identificación dalgunhas características dos códigos oral e escrito                                                                                                                                         | 009 |     |
|                            | 1.4. Toma de notas durante a exposición oral dun tema                                                                                                                                                            | 010 |     |
|                            | 1.5. Identificación en producións orais sinxelas dos feitos expostos e das opinións                                                                                                                              | 011 |     |
|                            | 1.6. Busca de palabras en dicionarios utilizando a orde alfabética                                                                                                                                               | 012 |     |
|                            | RESUMO                                                                                                                                                                                                           | 013 |     |
| COMPROBA O QUE APRENDICHES |                                                                                                                                                                                                                  | 014 |     |
| SOLUCIÓNS                  |                                                                                                                                                                                                                  | 016 |     |
| 2.                         | Comprensión de textos escritos                                                                                                                                                                                   | 018 |     |
|                            | 2.1. Introducción                                                                                                                                                                                                | 020 |     |
|                            | 2.2. Comprensión de textos sinxelos escritos, usando a técnica do subliñado, distinguindo as ideas principais das secundarias e diferenciando a información das opinións                                         | 020 |     |
|                            | 2.3. Redacción do esquema correspondente (esquema enumerativo ou cadro esquemático ou sinóptico) coas ideas principais do texto, ordenadas adecuadamente                                                         | 023 |     |
|                            | 2.4. Recoñecemento e uso das normas básicas da ortografía da palabra (b/v, h/--, c/qu) na redacción dos textos                                                                                                   | 025 |     |
|                            | RESUMO                                                                                                                                                                                                           | 027 |     |
|                            | COMPROBA O QUE APRENDICHES                                                                                                                                                                                       |     | 028 |
|                            | SOLUCIÓNS                                                                                                                                                                                                        |     | 030 |
| 3.                         | Discusión e debate                                                                                                                                                                                               | 032 |     |
|                            | 3.1. Introducción                                                                                                                                                                                                | 034 |     |
|                            | 3.2. Participación ordenada en discusións e debates respectando as normas de cortesía na comunicación oral                                                                                                       | 034 |     |
|                            | 3.3. Toma de notas durante a exposición oral dun tema. Ordenación das mesmas e expresión oral dun resumo das ideas principais                                                                                    | 039 |     |
|                            | 3.4. Uso dun procesador de textos para escribir e corrixir despois cun corrector ortográfico                                                                                                                     | 041 |     |
|                            | RESUMO                                                                                                                                                                                                           | 043 |     |
|                            | COMPROBA O QUE APRENDICHES                                                                                                                                                                                       |     | 044 |
|                            | SOLUCIÓNS                                                                                                                                                                                                        |     | 046 |
| 4.                         | Redacción dun texto expositivo                                                                                                                                                                                   | 048 |     |
|                            | 4.1. Introducción                                                                                                                                                                                                | 050 |     |
|                            | 4.2. Redacción de textos escritos sinxelos con coherencia, cohesión e corrección ortográfica, dando antes os pasos previos para a súa elaboración: selección de ideas previas e elaboración dun esquema ordenado | 050 |     |

|      |                                                                                                                 |     |
|------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| 4.3  | Uso de mecanismos sinxelos para evitar repeticións innecesarias: uso de sinónimos e de pronomes                 | 054 |
|      | RESUMO                                                                                                          | 055 |
|      | COMPROBA O QUE APRENDICHES                                                                                      | 056 |
|      | SOLUCIÓN                                                                                                        | 058 |
|      |                                                                                                                 |     |
|      | Redacción dun texto con opinións propias e resumo                                                               | 060 |
| 5.1. | Introdución                                                                                                     | 062 |
| 5.2. | Identificación en textos escritos sinxelos das ideas principais e das secundarias e uso da técnica do subliñado | 062 |
| 5.3. | Redacción clara e ordenada dun resumo coas ideas fundamentais dun texto                                         | 064 |
| 5.4. | Identificación das características dos textos argumentativos                                                    | 065 |
| 5.5. | Uso de conectores de orde e causa                                                                               | 067 |
| 5.6. | Redacción de textos argumentativos: xerar ideas, ordenalas, redactalas                                          | 068 |
|      | RESUMO                                                                                                          | 071 |
|      | COMPROBA O QUE APRENDICHES                                                                                      | 072 |
|      | SOLUCIÓN                                                                                                        | 074 |

## 5.

**Galego**  
**N2**  
**falar**

# 1.

## Expresión oral en diferentes ambientes



### Contidos



#### 1. Expresión oral en diferentes ambientes

- 1.1. Introducción
- 1.2. Identificación das variedades sociais da lingua (estándar, coloquial, culta e vulgar) e diferenciación dalgunhas características básicas da lingua usada nos contextos familiar e profesional
- 1.3. Identificación dalgunhas características dos códigos oral e escrito
- 1.4. Toma de notas durante a exposición oral dun tema
- 1.5. Identificación en producións orais sinxelas dos feitos expostos e das opinións
- 1.6. Busca de palabras en dicionarios utilizando a orde alfabética

## Obxectivos

- Identificar algúns trazos propios do uso da lingua nos ámbitos familiar, técnico e profesional (léxico, sintaxe e ton), observando directamente producións diversas, como textos escritos ou gravacións.
- Identificar en producións orais e en textos escritos os trazos fundamentais propios da lingua oral (espontaneidade, repeticións, emotividade, etc.) e da escrita (maior rigor e orde sintácticos, evitar as repeticións, etc.).
- Utilizar na interacción oral en clase e co grupo de iguais as palabras, expresións, ton, xestos e posturas adecuadas a cada situación, distinguindo a lingua coloquial da máis técnica e profesional.
- Identificar o contido fundamental de producións orais sinxelas, diferenciando os feitos (a información) das opinións, tomando nota previamente dalgúns dos feitos e opinións manifestados nelas e expresándoos con claridade.
- Clasificar palabras por orde alfabética e utilizar ese criterio para localizar despois palabras en dicionarios da lingua galega e aclarar o seu significado.
- En textos sinxelos, diferenciar a información contrastada da opinión, subliñando previamente de maneira diferente unha e outra, consultando o dicionario cando sexa necesario aclarar o significado dalgunha palabra.
- Sintetizar oralmente, de maneira breve e cunha linguaxe clara e sinxela, o contido fundamental dunha discusión mantida no grupo, tomando notas previamente dese contido, se fose necesario.



### Reflexión inicial

A lingua é a máis elaborada ferramenta de comunicación que posúe o ser humano. Acadar os coñecementos nas súas respectivas facetas e diferenciar a riqueza da súa variedade léxica, tórnase fundamental.




## Introdución

1.1.

A lingua é un instrumento de comunicación fundamental. Igual que lles acontece aos seus usuarios, é un elemento vivo, maleábel, suxeito a diferentes variacións e condicionantes.

Todas as persoas posúen, como mínimo, un código lingüístico básico que lles permite comunicárense nun contexto determinado con calquera outra que manexe o mesmo código. Non obstante, canto maior for o dominio dese código, maior será tamén a nosa adaptabilidade ás diferentes situacións e canles polas que se pode desenvolver a comunicación.

Nesta unidade didáctica aprenderase a distinguir as distintas variedades da lingua e os factores que as determinan. En particular, atenderase ás principais diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita, co fin de adquirir as capacidades de sintetizar ideas, discernir os feitos das opinións e procurar información en manuais e dicionarios.



## Identificación das variedades sociais da lingua (estándar, coloquial, culta e vulgar) e diferenciación dalgunhas características básicas da lingua usada nos contextos familiar e profesional

1.2.

Todas as persoas que falan unha mesma lingua comparten unha serie de elementos comúns: alfabeto, estruturas sintácticas, léxico, etc.; quere dicir, manexan un mesmo código lingüístico. Non obstante, o uso dese código pode variar dependendo de varios factores, nomeadamente: a orixe xeográfica (variedades dialectais) mais o contexto de uso e a situación comunicativa (variedades sociais e situacionais).

Todos os galegos son conscientes de que posúen unha mesma lingua, pero tamén saben que hai certas variantes dependendo da zona xeográfica. Para o que igual non é tan consciente un falante e para escoitarse a si mesmo e saber cando mudar de rexistro. Esta faceta vaise adquirindo a medida que se gaña en competencia lingüística.



Estas variedades non son exclusivas do galego, senon que son fenómenos que ocorren en todas as linguas. A maioría de manuais denomina tradicionalmente estas **variedades dialectais** ou dialectos como diatópicas, diafásicas e diastráticas.

Para entender a dimensión dunha lingua é necesario clasificar estas variantes en función destas variedades, para poder así comprender os aspectos fundamentais nos que se basea a elección dunha norma común.

As variedades dialectais ou dialectos son, na práctica, diferentes «adaptacións» do código lingüístico común segundo a zona á que pertenza o falante.

Para que a comprensión mutua sexa posíbel, o galego posúe unha variedade social estándar que serve de base comunicativa entre os falantes.

O **estándar** é a construción lingüística unificadora e pautaada que todos comparten e adoptan tanto na escrita como nos usos formais.

O estándar é, xa que logo, unha variedade formal cunha serie de características que o definen como tal:

- É o resultado dunha convención ou acordo establecido baixo o criterio de lingüistas e persoas expertas, procedentes de ámbitos diversos.
- É supradialectal, isto é, aglutina trazos de diferentes zonas lingüísticas de Galicia (aínda que as falas da faixa occidental son as máis representadas na estandarización).
- Responde a unha vontade de normativización da lingua, pola cal esta se dota de normas para o seu uso culto.

Xa que logo, todas as linguas da nosa contorna, como o portugués ou o español, posúen, da mesma maneira, variantes estándar que unifican as falas de milleiros de persoas baixo un mesmo código compartido.

As propostas para unificar a lingua falada baixo un mesmo código común nacen xa nos albores do século XX (a RAG fúndase en 1906). Como en calquera outra lingua, a creación dun estándar válido para todas as persoas falantes é un obxectivo esencial.

Con todo, o lugar en que se produce a comunicación, a relación que manteñan os interlocutores e a forma de transmisión da mensaxe (oral ou escrita) son factores que determinan tamén outras variedades lingüísticas como a coloquial e a formal.

Estas variedades, que reciben o nome de rexistros, dependen do grao de proximidade ou familiaridade entre falantes. Daquela, adóitase empregar o rexistro coloquial con persoas con quen se mantén unha relación de confianza (amizades, familiares, etc.), mentres que o rexistro formal fica reservado ás relacións comunicativas onde non existe esa proximidade.

En consecuencia, a situación comunicativa é fundamental á hora de empregar un rexistro ou outro. Calquera falante adecuadamente instruído nunha lingua é quen de manexar ambos os dous rexistros cando a situación o require. Polo tanto, non se trata moitas veces dunha elección consciente senón dunha habilidade que cómpre adestrar.

Alén disto, outro factor que propicia a aparición dunha nova clasificación de variedades lingüísticas é o contexto de uso. Segundo este, os falantes pódense expresar nunha variedade vulgar ou noutra culta. É o que se coñece tradicionalmente como nivel de lingua, asociado con frecuencia a un contexto familiar (rexistro coloquial ou vulgar) ou a un profesional (rexistro formal ou nivel culto).

Normalmente, as persoas non se dan conta desta diferenza, pois é a variante que utilizan todos os días coas persoas do seu entorno (traballo, familia, amizades, etc.). Non obstante, de forma consciente, unhas veces, e inconsciente, outras, as persoas saben que teñen que utilizar un nivel máis formal nalgúns contextos (co médico, co xefe, etc.).



### Exemplo

Unha persoa de Tui non falará exactamente igual que outra da Mariña lucense, mais segue habendo intercomprensión entre elas.



### Importante

O rexistro coloquial e o vulgar pertencen ao ámbito de uso familiar mais non son o mesmo. O rexistro coloquial emprégao calquera falante na vida cotiá, o uso do vulgar evidencia unha falta de competencia lingüística.



### ? Sabías que...?

A normalización ten que ver coa planificación do uso da lingua e incide en dous aspectos: a súa expansión (emprego nos ámbitos dos que está excluído ou non está presente) e a súa utilidade (facilitando os recursos para que se inclúa ou se restituía neses mesmos ámbitos).

A normativización refírese á planificación da norma e contempla a creación, revisión e actualización desta (ortografía, gramática e léxico).

## Vocabulario

**Vulgarismo:** palabra ou xiro vulgar.

**Competencia lingüística:** capacidade que posúe un falante para desenvolverse adecuadamente nos diferentes rexistros e niveis da lingua.

A variedade ou rexistro **coloquial** é o que emprega calquera falante, incluso quen posúe un alto grao de instrución, cando se relaciona con outros falantes nun contexto familiar e próximo. Unha conversa entre dúas persoas sobre unha recente viaxe en común probablemente estea inzada de alusións entre elas, a través de pronomes tónicos (ti, eu, nós, etc.), elipses de información (aspectos que xa se dan por supostos ao existir familiaridade e hábito), frases feitas, interxecións e retrousos (tío, meu, ho!, e logo!, boh!, etc.), uso de dialectalismos (o uso de chuzar co significado de chover, construído probablemente a partir da expresión caer chuzos de punta «chover moito») e unha sintaxe desordenada por momentos, inducida en parte polos cambios súbitos de tema, as interrupcións, as aclaracións, etc.

Da outra parte, o nivel **vulgar** ten que ver cunha falta de competencia lingüística para manexar un código libre de castelanismos (\*tixeiras, \*sartén, etc. por tesoiras e tixola), vulgarismos (\*probe, \*amoto, etc. por pobre e moto), hipergaleguismos (\*ambiente, \*primaveira, etc. por ambiente e primavera), que amose respecto polos recursos expresivos da lingua (nexos, léxico variado, etc.) e que, en termos xerais, se axuste ao estándar.

O nivel vulgar presenta tamén os seus propios trazos lingüísticos definitorios: as frases son curtas, incompletas e mal organizadas, o vocabulario é propio de rexistros informais e con presenza abundante de frases feitas.

Ademais, no caso da comunicación oral, a pronuncia é relaxada e é común a aparición de vulgarismos (\*tou na casa, o \*arradio, a \*ialma, imos \*comere, etc.) e fenómenos lingüísticos como a gheada ou o seseo. O recurso do retrouso é moi frecuente (ben/\*bueno, ou sexa, e tal, etc.).

O nivel profesional, formal ou culto caracterízase porque os enunciados adoitan ser longos e elaborados, o vocabulario é amplo e preciso, presenta unha abondosa adxectivación, e a pronuncia ou a escrita están moi coidadas.

Especificamente, o uso da lingua no contexto familiar acostuma diferir bastante do que se fai no contexto profesional. No contexto familiar sería bastante acaído un enunciado como o que se expón a seguir, se manifesta un alto grao de familiaridade, usos léxicos coloquiais, próximos da xerga, e altas doses de expresividade lingüística:

O Alberte e o Xiao marcharon coa grea e volveron ao cantar o galo.

Nun contexto profesional, un enunciado paralelo e equivalente ben podería ser:

Alberte e Xiao marcharon coas súas amizades e volveron a altas horas da madrugada.

A linguaxe, neste caso, é moito máis neutra e ausente de matices expresivos. Prima a eficacia comunicativa por riba do requintamento e aumenta a precisión. De acordo co anterior, hai que comprender o impacto tanto da linguaxe verbal como da non verbal á hora de interactuar oralmente, xa que cada situación comunicativa requirirá dunhas necesidades específicas. O rexistro coloquial é moito máis permeábel a unha lingua que inclúa expresións informais, a amosar tons máis modulábeis e incluso xestos e posturas máis espontáneos, o que nun rexistro profesional sería inviábel, pois neste reflíctese unha vontade de planificación moito máis exhaustiva a todos os niveis, incluíndo o control dos movementos do corpo segundo a intención comunicativa.

Tanto os usos estritamente lingüísticos como a linguaxe paraverbal e non verbal da comunicación nun contexto coloquial tenderán a amosar proximidade, facer máis transparentes os cambios de ánimo, presentar tons exclamativos e interrogativos e incluso favorecer o contacto físico en maior medida do que acontecerá no contexto profesional, onde os recursos para conseguir a asertividade necesaria na comunicación han pasar por un control das emocións, o uso dunha lingua neutra e precisa achegada ao estándar, o emprego dun ton sosegado e cunha modulación e cadencia planificadas, alén da preferencia por unha linguaxe corporal natural e pouco esaxerada.

## Consulta

Accede ao arquivo oral galego (<http://ilg.usc.es/ago/>) creado polo ILG (Instituto da Lingua Galega). Poderás escoitar rexistros vulgares e coloquiais das distintas partes de Galicia.

## 1.3.

## Identificación dalgunhas características dos códigos oral e escrito

Segundo a forma de transmitir unha mensaxe, pódese establecer unha clasificación entre rexistros ou códigos oral e escrito. A continuación, identificaranse as características principais destes códigos.

O código ou realización oral da lingua, isto é, a fala, está suxeita a condicionantes que lle confiren características específicas: maior improvisación e espontaneidade (o que aumenta a frecuencia das repeticións) e relevancia dos elementos non verbais (os movementos do corpo, os xestos, a entoación, etc.).

Tamén non hai que esquecer a presenza de fenómenos fonéticos propios da coloquialidade. Estes son inherentes á propia fala e ao seu desenvolvemento na vida diaria dos falantes, flexibilizando e adaptándose foneticamente en función das variantes dialectais vistas anteriormente.

### Consulta

Escoita na seguinte ligazón (<http://bit.ly/WbZSQN>) os fenómenos fonéticos, as variacións dialectais e interferencias lingüísticas presentes nesta canción do grupo Herdeiros da Crus.

| Fenómenos fonéticos orais |              |                                |
|---------------------------|--------------|--------------------------------|
| Vulgarismos               | Gheada/seseo | Variacións dialectais          |
| *Probe                    | A *ghaliña   | *Tu/ti                         |
| *Soio                     | A *lus       | *Mañán/mañá                    |
| *Arradio                  | O *sapato    | Pantalóns/*pantalós/*pantalois |

Infelizmente, nalgunhas ocasións, a escrita tampouco está exenta de palabras incorporadas, directamente (\*apariencia por aparencia, \*langosta por lagosta) ou por hibridación (\*lagartixa por lagarta, \*xen por xene), desde o castelán. A aprendizaxe do léxico galego xenuíno forma parte tamén do nivel lingüístico ao que aspiran os falantes.


| Castellanismos |               |                  |                       |
|----------------|---------------|------------------|-----------------------|
| Léxicos        | Semánticos    | Morfosintácticos | Fonéticos             |
| *Pueblo/pobo   | Pobo/vila     | *Andivera/andara | *Samón/xamón          |
| *Dios/Deus     | Castaño/loiro | *A leite/o leite | *Apariencia/aparencia |

Pola contra, a escrita caracterízase, sobre todo, por ser un acto planificado e, por conseguinte, adoita cumprir con maior rigor as normas ortográficas e morfolóxicas propias da lingua estándar.

De acordo con isto, os seus trazos xerais máis salientábeis son que os enunciados son completos, claros e reflicten un alto grao de elaboración, alén do léxico ser variado e presentar unha ampla gama de sinónimos.

Ademais, a propia elaboración textual arrastra unhas premisas imprescindíbeis para que o texto cumpra realmente a súa función, isto é, a existencia da coherencia e da cohesión que presenta o escrito como un todo unido por distintas partes que se relacionan e complementan.

É necesario adquirir as competencias en lingua oral e escrita necesarias para diferenciar os rexistros e evitar, na medida do posible, que os trazos vulgares propios das falas coloquiais se introduzan dentro dos textos de carácter formal.



## Toma de notas durante a exposición oral dun tema

1.4.



A capacidade media da memoria a curto prazo é de tan só quince palabras. Isto condiciona decisivamente a comunicación escrita (cómpre evitar as oracións longas e facer un uso adecuado da puntuación) e, sobre todo, a comunicación oral. O emprego de estratexias para rexistrar e documentar as producións orais é, por tanto, de grande importancia.

A **toma de notas** é unha habilidade fundamental que permite recordar mellor un relatorio, unha palestra ou unha presentación, ademais de facilitar a organización dos apuntamentos para o estudo posterior.

Consiste en anotar as ideas e puntos clave do discurso de forma que esas notas sirvan de apoio á memoria á hora de reproducir novamente o discurso. Non se trata, daquela, de anotar o discurso completo, senón só aquelas ideas principais que axuden a reformulalo ou as referencias que se necesite anotar para lembrar o que foi dito.

No proceso de toma de notas poden resaltarse tres aspectos importantes:

### ! Importante

No proceso de sintetizar un texto oral cómpre botar man con frecuencia de diferentes mecanismos de abreviación. O máis empregado é o da abreviatura, un procedemento máis ou menos libre, que consiste en acurtar a palabra tomando só parte dela: tel. (teléfono), avda. (avenida), dep. (departamento), col. (colección ou colaborador), etc.

Porén, para que a lectura das notas non se converta nun proceso de descifrado, as abreviacións deben usarse con moderación e homoxeneidade (empregando sempre a mesma abreviación para cada palabra).

- **Organizar as anotacións:** unha boa organización permite reconstruír máis facilmente o contido orixinal. Existen diferentes recursos para acadar unha organización óptima: xerarquizar a información mediante esquemas ou numeracións, utilizar varias cores para destacar puntos importantes, empregar a folia en sentido vertical para visualizar mellor a relación lóxica entre as ideas, etc.
- **Sintetizar as notas:** á hora de tomar notas, o sentido sempre é máis importante que as palabras. Non é necesario anotar literalmente anacos do discurso, senón as ideas que este pretende transmitir. Ás veces, pode ser útil reproducir exactamente aquilo que se di, cando iso permite condensar información significativa ou lembrar mellor o contido orixinal, mais en xeral convén centrarse nos datos relevantes que se obteñen do que está sendo dito.
- **Manter a atención:** a toma de notas favorece o seguimento das exposicións orais, xa que obriga a unha escoita atenta e activa, ademais de aumentar a concentración no discurso.

Nos últimos anos, debido á incorporación das novas tecnoloxías, as técnicas baseadas nas anotacións sintéticas especializáronse moito debido ao desenvolvemento de novos sistemas e métodos de transmisión de información, caracterizados pola instantaneidade, a necesidade de concisión (en plataformas dixitais como Twitter™) e a incorporación de palabras clave (etiquetas) que facilitan a recuperación da información.

Ademais de ser unha técnica eficiente para a exposición oral (evitando a repetición exacta da información despois dun exercicio unicamente memorístico), tamén é moi útil para preparar os exames escritos.

A toma de notas durante as aulas facilita o contacto da mente co contido a medida que o vai retendo, pois o alumnado tenta escribir o máis importante mentres escoita toda a información. Coa experiencia que se vai adquirindo nesta práctica, o cerebro aprende a sintetizar máis rapidamente e aumenta a capacidade de comprensión.

Se, posteriormente, esas notas pásanse a un novo folio en limpo complementando información básica mediante o libro de texto ou outras fontes bibliográficas, a tarefa do estudo, de cara á realización dun exame, resultará máis doada.

## 1.5. Identificación en producións orais sinxelas dos feitos expostos e das opinións

Á hora de extraer información do que se escoita, é conveniente aprender a distinguir aquela que é subxectiva (as opinións) da obxectiva (os feitos).

Os **feitos** constitúen a información comprobada, apoiada en datos verificábeis e cunha veracidade que pode ser contrastada.

Hai que ter coidado coa interpretación dos feitos. De non se contrastaren adecuadamente, pódese caer no engano ou incidir nun erro. Isto acontece así porque un feito pode estar baseado nun dato real:

Compostela é a capital de Galicia.

Pero tamén pode estar baseado nun dato obxectivo, mais falso:

Lugo tamén é coñecida como a cidade das Burgas.

Pola contra, as opinións reflicten o punto de vista da persoa que as emite. Constitúen, pois, crenzas persoais ou xuízos de valor cos que se pode estar de acordo ou non. É o caso das seguintes opinións ou apreciacións subxectivas sobre unha realidade:

Compostela é unha cidade marabillosa.

O clima de Lugo é demasiado chuvioso.

En ocasións, as opinións e os feitos pódense mesturar, así que cómpre pór atención para detectar as diferenzas: a muralla romana de Lugo, a parte máis bonita da cidade (opinión), é patrimonio da humanidade desde o ano 2000 (feito).

A diferenza radica, pois, na subxectividade da expresión. Obviamente, as opinións poden coincidir co feito porque foi contrastado previamente e exercida en base a esa comprobación, polo que existen opinións máis ou menos obxectivas. Mentres que o feito é indiscutible sempre que a teoría que o sustenta non fiquerefutada, rexeitada ou substituída por una algunha nova.

De todos os xeitos, os feitos son iguais para todas as persoas, aínda que interpretacións hai moitas e distintas, en base a múltiples variables relacionadas cos intereses das persoas, as súas experiencias, a súa educación, as súas afeccións, etc.

### Vocabulario

**Dialecto:** variante lingüística falada nunha zona ou comarca determinada que deriva dunha lingua principal. En galego, por exemplo, establécense tres bloques dialectais: occidental, central e oriental, marcados por trazos de seu que os definen fronte aos outros dous. Ademais, hai que ter en conta que as falas das zonas astur-leonesa e estremeña tamén corresponden ao sistema lingüístico galego.

### ?? Sabías que...?

As opinións están suxeitas a manipulacións, para que se confundan con feitos. Moitas veces faise de forma inconsciente, xa que as persoas dan credibilidade ao que se lles conta por parte doutra persoa á que respectan.

Mais tamén poden realizarse opinións que se presentan como feitos cando non o son. Nese caso estase a mentir porque non hai proba que sosteña o que se manifesta.

| Feitos                                     | Opinións                                        |
|--------------------------------------------|-------------------------------------------------|
| O río Amazonas é o máis caudaloso do mundo | O río Amazonas é dos máis bonitos do mundo      |
| No mundial xogan trinta e dous países      | España é a favorita para gañar o mundial        |
| A lingua oficial de Alemaña é o alemán     | O alemán só se fala en Alemaña                  |
| Lisboa é a capital de Portugal             | Lisboa é unha cidade moi acolledora             |
| Este xornal é o máis antigo do país        | Este xornal é o mellor dos que se publican hoxe |

De todas formas, feitos e opinións adoitan ir da man en moitas das expresións que utilizan as persoas no discurso.

O río Amazonas é o máis caudaloso, por iso non te podes bañar.

## Busca de palabras en diccionarios utilizando a orde alfabética

1.6.

### Consulta

Busca no dicionario da RAG (Real Academia Galega) dous substantivos, dous adxectivos e tres verbos. Tenta identificar tamén os distintos elementos que complementan cada entrada e as diferenzas entre unhas palabras e outras.



O método máis empregado para resolver dúbidas léxicas segue a ser, a pesar do paso do tempo, a busca de palabras en dicionarios utilizando a orde alfabética. De entre toda a variedade de dicionarios existentes, os dicionarios léxicos tradicionais son aínda amplamente utilizados, tanto en formato papel como en versións dixitais.

Para buscar de maneira rápida e efectiva diferentes palabras nun dicionario, cómpre ter en conta algunhas premisas que faciliten o desenvolvemento e aumenten a rapidez desta tarefa.

As palabras aparecen por orde alfabética e normalmente resaltadas (en letra grosa ou similar). O conxunto formado por unha palabra e os seus significados recibe o nome de entrada.

As palabras que comezan por «ch-» ou «ll-» inclúense dentro das que comezan por «c-» ou «l-», respectivamente.

Os substantivos e adxectivos que poden variar en xénero (masculino e feminino) ou número (singular e plural) aparecen sempre en masculino singular. No caso dos verbos, sempre aparece a forma de infinitivo (amar, comer, partir) e nunca a forma conxugada.

Unha palabra pode presentar varios significados ou acepcións. Segundo o contexto, haberá que elixir a acepción máis acaída. Cando unha palabra aparece en varias entradas diferentes (normalmente diferenciadas por un número voado á súa dereita), quere dicir que as palabras son homónimas, isto é, escríbense igual mais teñen orixes diferentes.

### Importante

No caso do dicionario en liña da RAG, cómpre remarcar que tamén se incorpora a pronuncia de cada palabra.

Entrada

Busca simple
Sinónimos
Busca avanzada

**Termo buscado**

**papa**

**Número voado (palabra homónima)**

2

**substantivo feminino**

1 Calquera substancia branda, de consistencia pastosa ou semellante a un líquido máis ou menos espeso, particularmente se é comestible

*Dálle a papa ao neno. O puré de patacas é unha papa feita con patacas cocidas*

**substantivo feminino plural**

2 Alimento que se obtén cocendo fariña, sobre todo de millo, en auga ou leite

*Tiña o costume de almorzar con papas*

► Sinónimo **polenta**

**FRASES E EXPRESIÓNS CON papa**

**Comerlle (a alguén) as papas na cabeza**

Ser máis alto ca alguén

*É máis novo ca o irmán, pero xa lle come as papas na cabeza*

**Non ter papas na boca**

Falar claramente e sen rodeos

*Sempre dí o que pensa, non ten papas na boca*

► Sinónimos **non ter a lingua trabada, non ter lixos na lingua, non ter pelos na lingua**

**Papas de arroz**

Doce elaborado con arroz cocido en leite azucrado e aromatizado con rela de limón ou de laranxa e canela

*A súa nai sempre lle preparaba papas de arroz e castañas cocidas*

► Sinónimo **arroz con leite**

**Papas trigas**

Papas elaboradas con fariña de trigo

*Peneirou a fariña para facer unhas papas trigas*

**Pedir papas**

Darse por vencido, nun xogo ou competición

*Pides papas ou seguimos xogando?*

Fonte: academia.gal (<http://bit.ly/1E2KHcA>).



## Resumo

Nesta unidade didáctica aprendeuse que:

- A lingua é o vehículo principal de comunicación dunha comunidade de falantes e posúe unhas características que lle son propias.
- A través da fala articulamos toda unha realidade singular onde proxectamos os nosos saberes, habilidades, capacidades, pensamentos, etc.
- O manexo do rexistro adecuado a cada situación comunicativa e a adquisición das destrezas lingüísticas necesarias para comunicar en todos os contextos serán fundamentais para reflectir o nivel como usuarios do idioma.
- A toma de notas é fundamental para recordar calquera tipo de exposición oral.
- As opinións reflicten o punto de vista da persoa que as emite.
- O conxunto formado por unha palabra e os seus significados recibe o nome de entrada.



### Reflexión final

A diversidade lingüística representada nas variantes do rexistro coloquial, xunto coas técnicas para o discurso formal integrado maioritariamente na escrita, dotan a lingua galega dunha especial viveza e dinamismo que se demostra na fraseoloxía popular («a nosa lingua dá nome a todo»).

## Comproba o que aprendiches

**1.** Poderías sinalar que variedade dialectal presta atención ao dominio da lingua diferenciando entre nivel culto e nivel vulgar?

- a. Diatópica.
- b. Diastrática.
- c. Diafásica.
- d. Xeográfica.

**2.** Cales son as diferenzas entre o código oral e o código escrito?

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

**3.** Identifica cales dos seguintes aspectos son considerados fundamentais na toma de notas e selecciona a opción correcta.

- a. A organización das anotacións, a formulación de cuestións e a capacidade de síntese.
- b. A capacidade de síntese e manter a atención.
- c. A formulación de cuestións, manter a atención e realizar esquemas.
- d. A organización das anotacións, a capacidade de síntese e manter a atención.

**4.** Detecta os erros presentes nas seguintes oracións.

- 1. Maruxa vive lexos de aquí.
- 2. Este vran seica non vai facer calor.
- 3. Cando chega a primaveira os solo brila máis.
- 4. Onte atopei un conexo no monte Aloia.
- 5. Xoán foi ao médico para que lle examinara a rodela.
- 6. Non puido chegar ao axuntamento durante toda a mañá.
- 7. A avoa non escoitaba ben e deulle volume á arradio.
- 8. Non sei se foi verdá ou mentira.

**5.** \*Pueblo é un castelanismo léxico?

- a. Verdadeiro.
- b. Falso.

**6.** Indica se as seguintes palabras forman parte da norma estándar.

|          | Si | Non |
|----------|----|-----|
| Arbre    |    |     |
| Cerveza  |    |     |
| Mísil    |    |     |
| Ghato    |    |     |
| Presunto |    |     |
| Gracias  |    |     |

**7.** Que criterio se seguiu para a elección da palabra «beirarrúa»?

[illegible]

**8.** Escribe dúas frases que manifesten feitos universais ou obxectivos, dúas que expresen opinións e unha que conteña ambos os dous.

---

---

---

---

**9.** Cal destas palabras nunca aparecerían nun dicionario?

- a. Amar.  
b. Amando.  
c. Amor.  
d. Chave.

## Solucións

1. Poderías sinalar que variedade dialectal presta atención ao dominio da lingua diferenciando entre nivel culto e nivel vulgar?

a. Diatópica.  
b. Diastrática.  
c. Diafásica.  
d. Xeográfica.

2. Cales son as diferenzas entre o código oral e o código escrito?

A realización oral da lingua, isto é, a fala, está suxeita a condicionantes que lle confiren características específicas: maior improvisación e espontaneidade (o que aumenta a frecuencia das repeticións) e relevancia dos elementos non verbais (os movementos do corpo, os xestos, a entoación, etc.).

Tampouco hai que esquecer a presenza de fenómenos fonéticos propios da coloquialidade (vulgarismos) ou singulares (gheada e seseo: a ghaliña, a lus, o sapato, etc.; variacións dialectais: \*tu/ti, \*mañán/mañá, pantalóns/\*pantalós/\*pantalois, etc.) e interferencias con outros idiomas próximos (nomeadamente, castelanismos).

Pola contra, a escrita caracterízase, sobre todo, por ser un acto planificado e, por conseguinte, adoita cumprir con maior rigor as normas ortográficas e morfolóxicas propias da lingua estándar. De acordo con isto, os seus trazos xerais máis salientábeis son: os enunciados son completos, claros e reflicten un alto grao de elaboración e o léxico é variado e presenta unha ampla gama de sinónimos.

3. Identifica cales dos seguintes aspectos son considerados fundamentais na toma de notas e selecciona a opción correcta.

a. A organización das anotacións, a formulación de cuestións e a capacidade de síntese.  
b. A capacidade de síntese e manter a atención.  
c. A formulación de cuestións, manter a atención e realizar esquemas.  
d. A organización das anotacións, a capacidade de síntese e manter a atención.

4. Detecta os erros presentes nas seguintes oracións.

1. Maruxa vive lexos de aquí.
2. Este vran seica non vai facer calor.
3. Cando chega a primaveira os solo brila máis.
4. Onte atopei un conexo no monte Aloia.
5. Xoán foi ao médico para que lle examinara a rodela.
6. Non puido chegar ao axuntamento durante toda a mañá.
7. A avoa non escoitaba ben e deulle volume á arradio.
8. Non sei se foi verdá ou mentira.

5. \*Pueblo é un castelanismo léxico?

a. Verdadeiro.  
b. Falso.

6. Indica se as seguintes palabras forman parte da norma estándar.

|          | Si | Non |
|----------|----|-----|
| Arbre    |    | X   |
| Cerveza  |    | X   |
| Mísil    | X  |     |
| Ghato    |    | X   |
| Presunto |    | X   |
| Gracias  |    | X   |

7. Que criterio se seguiu para a elección da palabra «beirarrúa»?

Non todas as palabras que se escollen para facer parte da variedade estándar están recollidas nas variantes dialectais desa lingua. Moitas veces trátase de palabras novas (neoloxismos) ou de adaptación de palabras procedentes doutras linguas (préstamos) que se incorporan para designar unha realidade nova ou para substituír un termo foráneo, que pola situación concreta do conflito entre linguas, acabou impoñéndose.

No caso da lingua galega, a súa situación de desvalemento respecto do castelán e a súa perda de ámbitos de uso fixo que os galegofalantes acolleran como propias as palabras do castelán que non se aceptan en galego estándar (castelanismos). Canto á palabra «beirarrúa», utilizáronse os mecanismos de creación de palabras para formar este neoloxismo (beira+rúa) coa finalidade de substituír o termo \*«acera» e consolidar unha palabra propia do galego para designar a parte da rúa pola que circulan os peóns. O seu éxito foi escaso e hoxe en día, infelizmente, a maioría dos galegofalantes optan polo termo castelán debido ao seu estendido uso, como ocorre con \*Dios, \*abuela, \*jueves, etc.

Por outra banda, hai lingüistas que defenden recuperar o termo «paseo», presente nalgúns falantes vellos e semellante á palabra portuguesa «passeio» que nomea a mesma realidade. O principal argumento é que aínda se dá no noso territorio porque é unha palabra común derivada da relación historia e lingüística galego-portuguesa.

8. Escribe dúas frases que manifesten feitos universais ou obxectivos, dúas que expresen opinións e unha que conteña ambos os dous.

- O Deportivo da Coruña foi dúas veces campión da Copa do Rei (feito).
- O 70 % da constitución do ser humano é auga (feito)
- Hoxe non creo que chova (opinión).
- Este ano seguro que o Celta gaña a liga (opinión).
- A relixión existe (feito) e, polo tanto, Deus tamén (opinión).

9. Cal destas palabras nunca aparecerían nun dicionario?

- a. Amar.
- b. Amando.
- c. Amor.
- d. Chave.

# 2.

## Comprensión de textos escritos

Do mar pola orela  
mireina pasar,  
na fronte unha estrela,  
no bico un cantar.

MANUEL CURROS ENRIQUEZ  
(1851-1908)

Contidos



### 2. Comprensión de textos escritos

- 2.1. Introducción
- 2.2. Comprensión de textos sinxelos escritos, usando a técnica do subliñado, distinguindo as ideas principais das secundarias e diferenciando a información das opinións
- 2.3. Redacción do esquema correspondente (esquema enumerativo ou cadro esquemático ou sinóptico) coas ideas principais do texto, ordenadas adecuadamente
- 2.4. Recoñecemento e uso das normas básicas da ortografía da palabra (b/v, h/-, c/qu) na redacción dos textos

## Obxectivos

- En textos sinxelos, diferenciar a información contrastada da opinión, subliñando previamente de maneira diferente unha e outra, consultando o dicionario cando sexa necesario aclarar o significado dalgunha palabra.
- En textos sinxelos, preferentemente do propio ámbito profesional, identificar as ideas fundamentais e as secundarias, e realizar un sinxelo esquema do seu contido, en forma de enumeración ou cadro sinóptico, redactándoo con claridade e corrección ortográfica, e consultando o dicionario cando sexa necesario aclarar o significado dalgunha palabra.
- Expoñer por escrito de maneira breve o contido fundamental dun texto, subliñando as ideas fundamentais e as secundarias e redactando con claridade e orde, utilizando os conectores adecuados.



### Reflexión inicial

A análise e comprensión dos textos escritos transfórmase nunha tarefa custosa e máis complexa se non se posúen as ferramentas de síntese e ordenación de ideas que estruturan e clasifican os distintos tipos de texto.

no bico un cantar.

MANUEL CURROS ENRIQUEZ

## Introdución

2.1.

No día a día, o texto está presente en moitos e variados formatos. Na actualidade, o discurso oral tamén se considera texto (falamos, así, de texto oral e texto escrito) e resulta obvio que este tipo de producións faladas son transmitidas por múltiples canles: medios audiovisuais, interaccións sociais, TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación), etc.

Xunto a estas comunicacións orais, o texto escrito segue a representar unha das maiores fontes de información dos nosos tempos. Do lado das canles máis tradicionais (xornais, revistas, libros, dicionarios etc.), a revolución tecnolóxica instaurou novos formatos de acceso á información escrita: páxinas webs, blogs ou bitácoras, xornais dixitais, redes sociais, wikis, foros de discusión, etc.

Por conseguinte, é máis necesario que nunca adquirir hábitos de lectura crítica que permitan discernir o feito do prexuízo. O coñecemento dos rudimentos do texto escrito (paratextos, división en parágrafos, etc.), axudará a distinguir mellor as ideas principais das secundarias, os datos contrastados das valoracións persoais, reformular o contido para o seu tratamento personalizado, etc.



## Comprensión de textos sinxelos escritos, usando a técnica do subliñado, distinguindo as ideas principais das secundarias e diferenciando a información das opinións

2.2.

Calquera texto, independentemente da súa extensión, debe cumprir dúas características fundamentais para funcionar como tal: a cohesión e a coherencia.

A **cohesión** nun texto é necesaria para que as ideas estean ben enlazadas, pasando dunha a outra de maneira que a progresión da información sexa lóxica.

Para conseguir unha correcta cohesión nun texto, é posíbel empregar diferentes mecanismos lingüísticos.

| Mecanismos lingüísticos                                         | Exemplos                                                                                                       |
|-----------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Repetición de palabras ou substitución por sinónimos            | A marca nipoa comercializará en Galicia un coche novo. O vehículo incorpora un equipamento fabuloso            |
| Emprego de palabras relacionadas entre si polo seu significado  | Como é ornitólogo, encántanlle as aves e os paxaros, en especial os pardais e as andoriñas                     |
| Uso de pronomes referidos a substantivos aparecidos previamente | A comisión reprobou o político, mais este [o político] contaba con información que ela [a comisión] descoñecía |

Non é necesario cumprir con todas estas ferramentas de cohesión para conseguir o obxectivo, pero o uso conxunto aumenta a súa eficacia nos textos.

En consecuencia, un correcto dominio dos diferentes mecanismos, e as súas condicións de uso, suporá unha das claves fundamentais para lograr que a presentación da información se organice de forma correcta, dando lugar a unha correcta progresión temática.

Tamén é necesario acostumarse a usar conectores de diverso tipo que axuden a conectar os distintos parágrafos mantendo a idea principal cohesionada mentres se desprenden as distintas ideas secundarias ou argumentos.

Outra das características fundamentais dun texto é a **coherencia**. A través dela, as ideas do texto dótano dun significado global que permite entender a información contida neste.

Noutras palabras, cando se le o texto compréndese o seu contido porque ten sentido e porque os enunciados que contén remiten a un tema xeral que se pode identificar a partir da súa lectura completa.

Ademais, hai que ter en conta que un texto debe resultar adecuado a unha situación comunicativa ou a un contexto determinado. Ninguén esperaría que unha novela incluíse gráficas e estatísticas, ou que un artigo dunha revista especializada en medicina se redactase nunha linguaxe coloquial.

De acordo con estas características, unha vez que se vai enfrontar un texto é importante coñecer as súas partes esenciais, co fin de recoller a información relevante para procesala posteriormente.

Normalmente, un texto contén elementos paratextuais (título, subtítulos, autoría, fontes de información, imaxes, etc.), que tamén achegan información sobre o seu contido xeral e que permiten prever a temática que se vai tratar.

Canto á súa estrutura, o texto constrúese a través de parágrafos. Cada un deles debe conter oracións e enunciados ben cohesionados. Todos os manuais de redacción advirten de que a cada parágrafo lle debería corresponder unha idea.

No caso dun texto periodístico, a **estrutura** sería a seguinte:



Fonte: vieiros.com (<http://bit.ly/1mBdLla>) [adaptado].

O conxunto de ideas parciais ou secundarias desenvolvidas en cada un deles conformarán a idea (ou ideas) principal. Desta maneira, os parágrafos son o eixo que vertebra o texto. A través deles accédese a información, de maneira progresiva, que conduce á temática principal.

Por este motivo, é importante que os parágrafos sexan claros, non moi longos e que non salten indiscriminadamente dun tema a outro, pois se perdería a coherencia xeral do texto.

En consecuencia, resulta necesario a correcta identificación as ideas principais e secundarias, de xeito que se garanta unha adecuada comprensión do escrito.

### Vocabulario

**Conector:** palabra ou conxunto de palabras que enlazan os parágrafos e as oracións dun texto.

### ! Importante

A cohesión e a coherencia son dúas características do texto complementarias e necesarias. Sen estas dúas características un texto non será comprensíbel e moitas veces nin sequera poderá ser considerado como tal.

### Consulta

Fíxate na estrutura de dúas noticias do xornal dixital *Sermos Galiza* (<http://www.sermosgaliza.gal/>) e comproba se seguen o mesmo modelo.



Co fin de analizar e comprender axeitadamente un texto, existe unha serie de técnicas que se poden pór en práctica. A máis coñecida é a do subliñado, que consiste en destacar as partes do texto máis salientábeis (mediante un trazo embaixo dos enunciados ou palabras, ou tamén por medio de cores vivas, sen abusar delas) para extraer a información relevante.

Un **subliñado** débese rexer por certas pautas. Antes que nada convén realizar unha lectura xeral e non comezar a subliñar inmediatamente. Cando xa se ten unha idea xeral do contido, pódese subliñar na segunda lectura.

Só é necesario destacar as partes do texto que teñan sentido por si propias, o que se debe comprobar nunha lectura posterior ao subliñado. Desta maneira, pezas accesorias como preposicións (a, de, en, etc.), conxuncións (e, mais, ou, etc.) ou mesmo exemplos dunha idea non deben subliñarse.

Como apoio ao subliñado, pódense incluír distintas chamadas de atención máis ou menos personalizadas (notas na marxe, frechas, asteriscos, etc.).

Loxicamente, para chegar a dominar esta técnica cómpre practicar moito. A través da práctica habitual, recoñecer as **ideas principais** dun texto (aquelas que achegan a información básica) e distinguilas das **secundarias** (as que expresan detalles ou aspectos derivados das principais) convértese nunha tarefa moito máis sinxela.

Paralelamente ao subliñado, é frecuente resaltar tamén as **palabras clave** no texto. Isto permite rodear a información escollida no subliñado, facilitando a reconstrución da información, a posteriori, con maior facilidade.

### Q Consulta

Procura outra noticia no xornal anterior (*Sermos Galiza*, <http://www.sermosgaliza.gal/>) e fíxate nas ideas principais, nas secundarias e nas palabras clave. Podes guiarte polo exemplo do contido.


XXIII EDICIÓN

## O galego, lingua de oportunidades

As Universidades de Compostela, Vigo e A Coruña organizan cursos da nosa lingua para estranxeiros, uns seminarios moi solicitados.

Redacción - 12:00 10/07/2010

Tag: cursos estranxeiros galego ILG lingua



Un verán máis, e xa van 23, mozos de todo o mundo están a achegarse até Galiza para coñecer a lingua e a cultura galegas. Alemáns, brasileiros, rusos, españois, italianos ou xaponeses, entre moitas outras nacionalidades, participan nas Universidades de Compostela, Vigo e A Coruña en diferentes cursos ben de iniciación ben de perfeccionamento cos que adquirir os coñecementos necesarios para desenvolverse en galego.

Os primeiros en chegar foron os 85 estudantes que esta semana recalaron en

Santiago de Compostela para asistir a esta XXIII edición dos cursos de verán que organiza o Instituto de Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago. Desta volta son 27 os países de procedencia de todos os participantes que amosaron, no seu primeiro día, un especial interese tanto pola lingua galega como pola súa cultura e a súa paisaxe.

Manuel Rivas, Iolanda Castaño, Uxía Senlle, Xesús Alonso Montero ou María Yañez serán algúns dos expertos nas letras galegas que participarán nos encontros literarios que xa están previstos. Asemade, os 85 alumnos poderán visitar algúns dos lugares máis emblemáticos de Galiza con saídas culturais a distintos puntos como as Fragas do Eume ou o Baixo Miño. Nas presentacións, o director dos cursos e membro da Real Academia Galega, Francisco Fernández Rei, destacou a presenza dunha alta porcentaxe de alumnos españois, así como o incremento de estudantes alemáns, estadounidenses ou franceses.

Idea principal

Palabras clave

Ideas secundarias

### ! Importante

Expertos en comunicación veñen advertindo do problema dun excesivo sensacionalismo nos medios, que recorren ao uso de imaxes impactantes, provocadoras ou morbosas e de titulares exaxerados, co fin de atraer a audiencia. A lectura atenta e crítica é o remedio máis eficaz para resolver estes obstáculos.

Fonte: vieiros.com (<http://bit.ly/1vgvFK6>) [adaptado].

Neste proceso, segue a ser importante recoñecer a información contrastábel e diferencial da opinión persoal. En ocasións, os xuízos de valor ou opinións pódense identificar por certas «marcas» ou conectores que os anuncian ( na miña opinión, ao meu ver, segundo o meu criterio, ao meu parecer, polo que sabemos, na nosa interpretación, pola miña experiencia, etc.).

Por outra parte, é habitual acreditar que os cadros estatísticos, os mapas ou as infografías achegan sempre datos verídicos e contrastados, mais isto dista de ser certo por completo.

### 2.3.

## Redacción do esquema correspondente (esquema enumerativo ou cadro esquemático ou sinóptico) coas ideas principais do texto, ordenadas adecuadamente

Unha das ferramentas máis eficaces á hora de ordenar as ideas principais e tamén as secundarias, a partir de palabras clave que recollen o esencial da información que se está a analizar, é a elaboración ou redacción de esquemas.

O **esquema** é unha presentación sintética e xerarquizada da información máis importante dun texto.

Recole de maneira sucinta e breve o contido máis relevante do texto, dispoñendo as súas partes, identificadas previamente (tras a lectura e o subliñado), mediante enumeracións ou guionización.


Os esquemas son útiles para favorecer a comprensión e o estudo posterior dun texto, alén de ofrecer unha visión de conxunto accesíbel e rápida. Ademais, aumentan a nosa capacidade de síntese e facilitan o repaso dos contidos.

Para que un esquema sexa adecuado, antes debe facerse unha lectura atenta co seu subliñado correspondente, organizando as ideas en principais e secundarias, segundo a súa importancia.

Daquela, o esquema funciona como un sistema que axuda a expresar a relación entre as ideas, exemplificando a súa relevancia de diferentes maneiras. Todas elas seguen unha estruturación xerárquica, que se reflicte no uso de secuencias, das principais ás secundarias.

Esta secuenciación adoita representarse visualmente con sangrados ou espazos. Os métodos de esquematización máis comúns realízanse con frechas, caixas, números, letras, guións, viñetas ou símbolos.

Un exemplo de esquema con frechas, denominado esquema de árbore, acollería na súa caixa superior a idea principal extraída do texto, da que partirían as ideas secundarias, e destas últimas, as palabras clave:



Como se pode constatar no esquema anterior, a análise e síntese dos textos utilizan como núcleo as palabras clave, xa que estas son esenciais para a súa comprensión. Resulta, polo tanto, adecuado saber diferenciar aqueles elementos que teñen maior importancia no conxunto do texto.

### Vocabulario

Viñeta: do francés *vignette*. No campo das artes gráficas refírese a un deseño decorativo utilizado para separar seccións, capítulos ou bloques de contido. Os procesadores de texto modernos incorporaron o termo para tal fin nos seus menús de ferramentas.

### ?? Sabías que...?

Existen outros tipos de esquemas, como os que usan chaves ou outras figuras. Tamén gañan espazo, cada vez máis, os esquemas realizados con procesadores de texto ou outros programas máis avanzados de deseño e ilustración.

### Consulta

Entra no seguinte enlace (<http://bit.ly/1sajpc>) e fíxate nas ideas principais, secundarias e palabras clave do texto que prefiras.

### Q Consulta

Pescuda información sobre o poeta galego Manuel Curros Enríquez utilizando palabras clave no buscador Google.



### Exemplo

É habitual que, en moitas ocasións, apuntamentos como os tempos verbais ou a composición de comentarios de textos, veñan explicados mediante palabras clave e diferentes estruturas visuais. Deste xeito, preténdese que o alumnado reteña o máis esencial de cara ao seu estudo ou a preparación dun exame.

### Q Consulta

Procura información para promover un debate sobre a relación entre a utilización das ferramentas de comprensión de textos e as novas tecnoloxías.

Cando se traballa cun texto, a técnica do subliñado, a detección e a sinalización de palabras clave é un procedemento moi produtivo para memorizar o seu contido.

Polo xeral, a identificación de palabras clave pode ter dúas finalidades: resumir o significado global dun texto, ou identificar elementos que teñan entre si algunha relación de semellanza ou que pertencen a un mesmo conxunto de significado (nun texto sobre economía, serían todas aquelas palabras que teñan que ver cos fenómenos propios desa área de coñecemento: inflación, investimento, carteira de valores, marxe de lucro, produto interior bruto, burbulla especulativa, etc.).

Na actualidade, a escolla e a disposición de palabras clave para representar un texto cobrou grande importancia por mor das novas tecnoloxías. Mediante elas procúrase información en motores de busca como Google™, e as páxinas webs utilízanse para se posicionaren mellor nos resultados ofrecidos por estes buscadores intelixentes. Nas bitácoras e nalgúns redes sociais, as palabras clave reciben o nome de etiquetas, e permiten acceder a artigos e datos relacionados entre si mediante a inclusión, á mantenta, destas palabras.



Estas novas tecnoloxías favorecen, á súa vez, que os camiños formativos miren cada vez máis cara á aprendizaxe colectiva, pois as posibilidades de traspaso de información a través de redes sociais, aulas virtuais, blogs, etc. facilita este tipo de interaccións o de traballos conxuntos.

De feito, na Rede existen ferramentas que axudan a localizar as palabras clave dun texto. Isto provoca certo debate entre os detractores do uso das novas tecnoloxías (porque afastan o alumnado do esforzo da síntese e de enfrontamento a un texto) e os que argumentan que o seu uso é compatible coas maneiras tradicionais (porque as novas xeracións non poden vivir separados da época na que lles tocou formarse).

Evidentemente, a realización de esquemas mediante a separación de ideas principais e secundarias a través das palabras clave debe ser un procedemento que os estudantes dunha lingua e calquera outra ciencia deben ter sempre presente e interiorizado no seu proceso de estudo. Diso depende aumentar a capacidade crítica sobre diversos temas tratados, mellorando a consciencia e a perspectiva fronte ás problemáticas sociais.

É importante, pois, deterse na práctica destes mecanismos á vez que se fomenta o hábito de lectura. É obvio que a mellor comprensión dos textos axuda a un maior interese polos libros.

## 2.4.

## Recoñecemento e uso das normas básicas da ortografía da palabra (b/v, h/--, c/qu) na redacción dos textos

Á hora de redactar un texto, hai que cumprir unha serie de normas de ortografía asentadas e reguladas de acordo coa variedade estándar, exposta na unidade didáctica anterior.

A importancia da ortografía fica, pois, fóra de dúbida. Non só se trata de construír un texto cohesionado e coherente, senón de homoxeneizar a escrita de todas as variantes dialectais para que sexa comprensíbel por todos os falantes desa mesma lingua.

Neste sentido, existe unha boa cantidade de regras que regulan a ortografía da lingua galega, mais expoñeranse aquí as máis básicas, sendo tamén as que máis erros adoitan propiciar.

Na lingua galega as grafías b e v empréganse para representar un mesmo son, o que se pronuncia nas palabras beberaxe, vivir, avó ou bivalvo.



### Importante

En particular, as palabras que empezan por bi- expresan a noción de «dúas unidades» e escríbense sempre con b: bicéfalo, bifásico, bifocal, bilingüe, bímembre, binocular, etc.

| Uso de b e v en galego                                                                            |                                                                                                             |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| B                                                                                                 | V                                                                                                           |
| As palabras con secuencia -mb-: ambulancia, cambadela, etc.                                       | As palabras coa secuencia -nv-: anverso, convicto, etc.                                                     |
| Os grupos -bl-, -br-, -bs- (agás acivro): imposible, abrasador, obstinado, etc.                   | Os adxectivos rematados en -avo/a, -evo/a, -eve, -ivo/a, -ovo/a: brava, lonxevo, leve, decisiva, novo, etc. |
| As palabras que comezan por bu-, bur-, bus- (agás vurullo): butano, burato, busto, etc.           | As palabras que empezan por vice-, ad-, sub-: viceversa, adversario, subversión, etc.                       |
| As que comezan por ab-, ob- e sub- (excepto o acrónimo ovni): abdicar, obxecto, subterráneo, etc. | A maioría dos verbos rematados en -ver, -versar, -servar: chover, conversar, conservar, etc.                |
| As palabras rematadas en -bilidade e -bundo/a: mobilidade, vagabundo, tremebunda, etc.            | Algunhas formas dos verbos estar e ter (tamén nos verbos derivados): estivemos, tivestes, etc.              |
| As palabras que comezan por bi-, bis- ou bio-: bile, bisneta, biodegradábel, etc.                 | As palabras rematadas en ívoro/a: carnívoro, herbívoro, etc.                                                |

Algunhas palabras escríbense en galego con h: harmonía, harpía, Helena, helmo, Henrique, etc., mais a influencia do castelán provoca que se grafen adoito de maneira incorrecta. Outras, sen coincidiren tampouco co castelán, non levan h: ombro, ombreiro, omoplata, orfo, ola (saúdo), irmán/á, impo, inchar, úmero, etc.

Existen tamén palabras que levan h intercalado: adherente, alcohol (ou alcol), anhelar, bohemia, exhibir, prohibir, etc.

Hai que lembrar tamén que no galego non existen nin o «j» nin o «y». A primeira é substituída na súa totalidade polo xe («x»), así como a segunda polo que se coñece como o «i» latino.



### Consulta

Consulta a seguinte ligazón (<http://bit.ly/1r2rQwI>) para saber máis sobre o «b» e o «v».

Finalmente, cómpre distinguir tamén a grafía das palabras que comezan por c-, z- ou qu-. Neste sentido, as letras c e z representan ás veces o mesmo son (cinco, zoca, etc.). As regras xerais son:

| Uso de c e z                           |                                                                                                                   |
|----------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| C                                      | Z                                                                                                                 |
| Escríbese c diante de -e, -i: cinceiro | Escríbese z ao final da palabra ou sílaba: arroaz, lizgaira, etc.; e ante -a, -o, -u: caza, zoquete, zunido, etc. |

| Uso de c e qu                                                     |                                                                                         |
|-------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|
| C                                                                 | Qu                                                                                      |
| Escríbese c antes de -a, -o e -u: cativerio, colonia, cumio, etc. | O dígrafo qu (lido «que u») aparece só ante as vogais e ou i: queimada, quinteiro, etc. |

Aínda está moi presente a idea de que o galego e o castelán teñen unha ortografía moi semellante. Neste sentido, foméntase a tendencia de pensar nas regras ortográficas do idioma veciño á hora de escribir o galego, pero ese é un erro que hai que solventar.

Galego e castelán comparten semellanzas debido á súa pertenza á mesma familia lingüística (son linguas románicas) de orixe latina. Non obstante, ningunha lingua (xa non só galego e castelán, senón calquera lingua do mundo) se constrúe por imitación ou por pretensión de afastamento respecto doutra.

### ?? Sabías que...?

Os fenómenos dialectais tamén teñen influencia na variedade estándar, como o seseo na palabra «cinceiro».

A evolución da lingua galega, así como as vicisitudes históricas que padeceu, marcou a súa propia e singular traxectoria; nomeadamente, influída pola forte presión do castelán ao ser introducido entre os séculos XVI e XVIII como lingua de prestixio polas elites foráneas minoritarias.

Aínda máis, o galego, do punto de vista filolóxico, é unha lingua máis conservadora do que o castelán. A aparencia das súas palabras é máis próxima, en moitos casos, ás formas orixinais latinas. Desta maneira, a ortografía en palabras como harmonía, inchar, avogada, avoa, móbil ou fariña débese a esa característica e non a vontade ningunha de diferenciación artificial. Por outra parte, debido á súa orixe común no tronco latino, moitas outras palabras escríbense igual en ambas as linguas: honor, bendito, vulgar, fiel, etc.

Este tipo de prexuízos tamén permite unha lectura á inversa. Seguindo esa errónea liña de pensamento, poderíase asegurar que as palabras que en galego se escriben dunha maneira, en castelán se decidiu grafalas ao revés. Non é un razoamento moi lóxico.

De feito, os erros ortográficos máis comúns no galego, alén da confusión de xéneros pola influencia do castelán, (o árbore\* por a árbore, a costume\* por o costume, o aguia\* por a aguia, a mel\* por o mel, a nariz\* por o nariz, o linguaxe\* por a linguaxe, etc.), son os que provocan a incorrecta redacción das palabras con «b» e «v», moi distintas do castelán nalgúns casos.

Portanto, estas visións, formadas por prexuízos derivados dunha lingua en conflito lingüístico cunha de maior prestixio, deben tentar depurarse de cara á adquisición dunha competencia en lingua galega adecuada para o pleno desenvolvemento das persoas como falantes e tamén na redacción e comprensión de textos.



## Resumo

Nesta unidade didáctica aprendeuse que:

- O coñecemento das características básicas do texto escrito é fundamental para converter as persoas en lectoras competentes, críticas e experimentadas.
- Para obter toda a información dun texto, cómpre analizar as súas partes e traballar con elas de maneira estruturada.
- As técnicas do subliñado e da selección de palabras clave serán de grande axuda, como paso previo ao deseño de esquemas para resumir e dispor a información de maneira máis sintética e accesíbel.
- O manexo da ortografía galega xenuína, como parte desa construción de novos textos e resumos, é igualmente fundamental para demostrarmos a nosa competencia lectora.
- Os esquemas son útiles para favorecer a comprensión e o estudo posterior dun texto, alén de ofrecer unha visión de conxunto accesíbel e rápida.



### Reflexión final

Así como é obvio e lóxico adestrar a capacidade de comprender os textos escritos que se len para que o acto de ler teña sentido, tamén o é manifestar os pensamentos, argumentos ou comentarios sobre o lido anteriormente coa maior corrección ortográfica.

## Comproba o que aprendiches

- 1.** Elabora tres oraciones con tres mecanismos de cohesión textual diferentes.

---

---

---

---

---

- 2.** Que nome recibe o texto que vai inmediatamente despois dun titular nun artigo xornalístico?

- a. Data.
- b. Auditoría.
- c. Entradiña.
- d. Redactor.

- 3.** Realiza un esquema que sinal as ideas principais e secundarias do seguinte texto.

«Ningún idioma alleo, por ilustre que sexa, poderá expresar en nome do noso os íntimos sentimentos, as fondas dores e as perdurábeis esperanzas do pobo galego; se aínda somos diferentes e capaces de existir, non é máis que por obra e graza do idioma.»

Fonte: Castelao, *Sempre en Galiza*.

\_\_\_\_\_

4. Describe as características dun «subliñado» e redacta cal é a práctica habitual na que se utiliza este mecanismo de análise e comprensión de textos escritos.

[illegible]

5. Sinala se son verdadeiros ou falsos os seguintes enunciados.

|                                                                               | V | F |
|-------------------------------------------------------------------------------|---|---|
| O dígrafo qu aparece ante vogais e consoantes                                 |   |   |
| As palabras que expresan a noción de «dúas unidades» escíbense sempre con «b» |   |   |
| As palabras que en castelán se escriben con «b», tamén o fan en galego        |   |   |
| A repetición de palabras é un mecanismo de cohesión textual                   |   |   |
| O esquema é unha presentación horizontal da información máis importante       |   |   |
| As ideas principais dun texto expresan detalles da información                |   |   |

6. Cal destes mecanismo non é utilizado na cohesión textual?

- a. Repetición de palabras.
- b. Emprego de palabras relacionadas polo seu significado.
- c. Uso de pronomes referidos a substantivos xa mencionados previamente.
- d. Uso de palabras clave.

7. Completa as seguintes palabras con «b» ou «v».

- a. \_\_ater.
- b. Re\_\_entar.
- c. A\_\_ogado.
- d. A\_\_ó.
- e. Mó\_\_il.
- f. \_\_ol\_\_oreta.
- g. La\_\_ar.
- h. Mo\_\_ilizar.
- i. Ti\_\_estes.
- k. Ad\_\_ersario.
- l. Dé\_\_eda.
- m. Es\_\_elteza.
- n. Mara\_\_illa.

8. Identifica as palabras clave dos seguintes textos.

a. «As circunstancias en que viviu obrigárono a encarnar a seriedade, a gravidade, mais nunca deixou de ser un rapaz alegre. E por que había ser triste un rapaz que naceu fillo único dunha nai cariñosa e un pai liberal e confiado, un médico ourensán da Rúa da Paz. O pai ficou na memoria do rapaz como fidalgo paternal que na súa casa grande de Trasalba daba tratamento médico aos campesiños sen lles cobrar.»

Fonte: S. de Toro (<http://bit.ly/1EgGjqB>) [adaptado].

b. «Ademáis, en Vigo tivo lugar, especialmente en Vigo, a xuntanza máis histórica entre o vello nacionalismo das clases medias intelectuais e o marxismo, anos sesenta, que deu paso aos fenómenos máis característicos e distintivos da contemporaneidade galega, que son os da política, o sindicalismo e a cultura nacionalista de esquerda. Non obstante, marxizados deste proceso, un bloque de de militantes vigueses separouse do carrillismo naquel citado 1972 e pasou a ser o primeiro e máis numeroso continxente obreiro do que sería o PCE-r e os GRAPO».

Fonte: X. L. Mendez Ferrín (<http://bit.ly/15jvsAs>) [traducido e adaptado].

## Solucións

1. Elabora tres oracións con tres mecanismos de cohesión textual diferentes.

A marca nipoa comercializará en Galicia un coche novo. O vehículo incorpora un equipamento fabuloso. (Repetición de palabras ou substitución por sinónimos).

Como é ornitólogo, encántanlle as aves e os paxaros, en especial os pardais e as andoriñas. (Emprego de palabras relacionadas entre si polo seu significado).

A comisión reprobou o político, mais este [o político] contaba con información que ela [a comisión] descoñecía. (Uso de pronomes referidos a substantivos aparecidos previamente).


2. Que nome recibe o texto que vai inmediatamente despois dun titular nun artigo xornalístico?

- a. Data.
- b. Auditoría.
- c. Entradiña.
- d. Redactor.

3. Realiza un esquema que sinala as ideas principais e secundarias do seguinte texto.

«Ningún idioma alleo, por ilustre que sexa, poderá expresar en nome do noso os íntimos sentimentos, as fondas dores e as perdurábeis esperanzas do pobo galego; se aínda somos diferentes e capaces de existir, non é máis que por obra e graza do idioma».

Fonte: Castelao, *Sempre en Galiza*.



4. Describe as características dun «subliñado» e redacta cal é a práctica habitual na que se utiliza este mecanismo de análise e comprensión de textos escritos.

Un subliñado débese rexer por certas pautas. Antes que nada convén realizar unha lectura xeral e non comezar a subliñar inmediatamente. Cando xa se ten unha idea xeral do contido, pódese subliñar na segunda lectura.

Loxicamente, para chegar a dominar esta técnica cómpre practicar moito. A través da práctica habitual, recoñecer as ideas principais dun texto (aquelas que achegan a información básica) e distinguilas das secundarias (as que expresan detalles ou aspectos derivados das principais) convértese nunha tarefa moito máis sinxela.

Paralelamente ao subliñado, é frecuente resaltar tamén as palabras clave no texto. Isto permite rodear a información escollida no subliñado, facilitando a reconstrución da información, a posteriori, con maior facilidade.

Neste proceso, segue a ser importante recoñecer a información contrastábel e diferencial da opinión persoal. En ocasións, os xuízos de valor ou opinións pódense identificar por certas «marcas» ou conectores que os anuncian (na miña opinión, ao meu ver, segundo o meu criterio, ao meu parecer, polo que sabemos, na nosa interpretación, pola miña experiencia, etc.).

Por outra parte, é habitual acreditar que os cadros estatísticos, os mapas ou as infografías achegan sempre datos verídicos e contrastados, mais isto dista de ser certo por completo. Non obstante, expertos en comunicación veñen advertindo do problema dun excesivo sensacionalismo nos medios, que recorren ao uso de imaxes impactantes, provocadoras ou morbosas, e de titulares exaxerados, co fin de atraer a audiencia. A lectura atenta e crítica é o remedio máis eficaz para resolver estes obstáculos.